



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Comunicación científica-técnica en galego e español

Materia	Comunicación científica-técnica en galego e español			
Código	V01G160V01901			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Bermúdez Montes, María Teresa			
Profesorado	Bermúdez Montes, María Teresa			
Correo-e	bermudezteresa@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia posúe un eminente carácter práctico e promoverá o desenvolvemento práctico das habilidades discursivas fundamentalmente no ámbito escrito. Inicialmente, constitúe un reforzo dos aspectos de corrección lingüística do galego e do español, da coherencia e cohesión textual. Procura achegar o alumnado ao coñecemento das linguas de especialidade no ámbito da comunicación científica e técnica, tanto en galego como en español. Reforzaranse os coñecementos relativos á tipoloxía textual académica e científica (artigo de divulgación e de investigación) e tocaranse aspectos puntuais de disciplinas como a semántica ou a lexicografía.			

## Competencias de titulación

Código	
A1	Dominar a comunicación cos e coas falantes das linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais, desenvolvendo a capacidade de comprensión e expresión oral e escrita, con tolerancia cara á diversidade social e cultural como resultado de defender os dereitos fundamentais de igualdade social, de xénero, de raza e de orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
A5	Dispoñer dos coñecementos necesarios para a comprensión, análise, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento dos recursos lingüísticos e literarios para o futuro profesional
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A12	Posuír unha conciencia crítica ante mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe
A13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Dominar a comunicación coas e cos falantes de galego e español no ámbito científico-técnico, desenvolvendo a capacidade de comprensión e expresión oral e escrita, no marco da tolerancia cara á diversidade social e cultural e da defensa dos valores propios da democracia e a cultura da paz.	A1	B2
	A4	B4
	A5	
	A6	
	A9	
Ser competente no manexo das ferramentas bibliográficas e informáticas de calidade, para empregalas como recurso metodolóxico ao servizo dun óptimo desenvolvemento da comunicación científico-técnica en galego e en español, tanto con orientación divulgativa ou didáctica como de investigación.	A5	B2
	A6	B4
	A12	
	A13	
Ser competente para identificar, analizar, corrixir e producir textos escritos no ámbito científico-técnico en galego e en español, respectando as convencións académicas e empregando léxico de especialidade.	A1	B2
	A4	B4
	A6	
	A9	
	A12	
Ampliar o repertorio léxico e textual nas linguas obxecto de estudo (galego e español), no relativo ao ámbito de especialidade científico-técnico.	A1	B2
	A5	B4
	A12	
Ser competente para levar a cabo exposicións orais e debates adecuados a cada rexistro, dominando as normas de corrección e servíndose axeitadamente do léxico de especialidade e da terminoloxía científico-técnica.	A1	B2
	A5	B4
	A6	
	A7	
	A9	
	A12	

## Contidos

Tema	
Tema 1. Cuestións textuais.	1.1. Estrutura e características do texto científico e técnico: o artigo divulgativo. 1.2. Estrutura e características do texto científico e técnico: o artigo de investigación. 1.3. Recursos para a coherencia textual.
Tema 2. Recursos e ferramentas para a comunicación científico-técnica.	2.1. Dicionarios especializados e dicionarios xerais de lingua. 2.2. Corpus monolingües e multilingües. 2.3. Outras ferramentas.
Tema 3. Redacción, revisión e corrección de textos científico-técnicos.	3.1. Estrutura do texto. 3.2. Corrección gramatical. 3.3. Corrección léxica e estilística.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	20	8	28
Traballos tutelados	4	30	34
Resolución de problemas e/ou exercicios	22	36	58
Presentacións/exposicións	2	12	14
Actividades introdutorias	2	0	2
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	12	14

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos da materia co obxectivo de comunicar coñecementos. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos que aseguren unha axeitada comprensión dos contidos.
Traballos tutelados	O alumnado presentará individualmente e/ou en grupo os traballos propostos pola docente. A través destes traballos tratarase de poñer a proba a competencia en lingua escrita do alumnado e a súa capacidade para identificar e analizar tanto as características como os recursos de modalización dos textos científico-técnicos (divulgativos ou de investigación). Avaliaranse os resultados (estrutura, adecuación, coherencia, cohesión) e a calidade lingüística da redacción.

Resolución de problemas e/ou exercicios	Ao longo do cuadrimestre formularanse unha serie de problemas e exercicios relacionados coa materia traballada, ben na aula ben a través da plataforma TEMA. Esta actividade práctica levarase a cabo co obxectivo de consolidar coñecementos, de reflexionar sobre as particularidades e esixencias da comunicación científico-técnica e de poñer en relación teoría e práctica.
Presentacións/exposicións	Actividade práctica. O alumnado, individualmente ou por parellas, deberá levar a cabo na aula unha exposición oral dun tema do ámbito científico-técnico. Paralelamente á exposición, deberá presentar o guión desa presentación e someterse ás posibles preguntas posteriores (do resto do alumnado e da docente). A elección do tema será acordada coa docente, nas primeiras semanas do cuadrimestre. A docente será a responsable última do establecemento do tema.
Actividades introductorias	Sesión inicial de presentación da materia (contidos, obxectivos, metodoloxía) ao alumnado.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Tempo reservado pola docente para guiar e orientar o alumnado na elaboración do(s) traballo(s) escrito(s) proposto(s).

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	O alumnado presentará individualmente e/ou en grupo os traballos propostos pola docente. A través destes traballos tratarase de poñer a proba a competencia en lingua escrita do alumnado e a súa capacidade para identificar e analizar as características e os recursos de modalización dos textos científico-técnicos (divulgativos ou de investigación). Avaliaranse os resultados (estrutura, adecuación, coherencia, cohesión) e a calidade lingüística da redacción.	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliarase a resolución dos problemas e exercicios propostos pola docente e relacionados coa materia traballada, sempre e cando a entrega de cada práctica se produza dentro dos prazos e termos establecidos pola docente. Só dese xeito se poderá levar a cabo a avaliación. A entrega dos traballos baseados nestas actividades desenvolveráse ben no marco das actividades da aula, ben mediante a plataforma TEMA, segundo será indicado en cada caso pola docente.	30
Presentacións/exposicións	Consistirá na elaboración e presentación (en tempo e forma) dun guión escrito, na exposición oral ante as compañeiras e compañeiros e na resposta, se for o caso, das cuestións que poidan ser formuladas oralmente.	15
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Levarase a cabo unha proba escrita na que se avaliarán os contidos e competencias traballadas na materia.	25

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### 1ª edición das actas

O alumnado poderá escoller entre dous sistemas de avaliación, continua e única. Deberá confirmar explicitamente por cal das dúas opta nas dúas semanas iniciais do cuadrimestre.

a) Avaliación continua: condicións

É condición indispensable para ter dereito a ser avaliada/o nesta modalidade asistir a un 80% das clases, como mínimo. Unha ausencia da aula durante 15 minutos ou máis equivale á 'non asistencia' a esa sesión. Estas condicións non serán modificadas baixo ningún concepto.

Para poder entrar nesta modalidade é condición *sine qua non* terse presentado ou ter entregado polo menos unha das actividades correspondentes ás catro metodoloxías de avaliación: traballo(s) tutelado(s), resolución de problemas, exposición oral e proba de desenvolvemento. Isto é, non será avaliada/o quen non se someta á avaliación dalgunha das catro metodoloxías descritas nesta páxina.

Non se poderá renunciar á avaliación continua, unha vez escollida, agás por causas excepcionais e xustificadas.

O incumprimento das condicións da avaliación continua (asistencia etc.) implicará o paso automático á avaliación única.

Os aspectos avaliados son os que aparecen nesta páxina por un valor do 100% da nota.

Tanto nas probas como no resto dos exercicios propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, na expresión, as incoherencias sintácticas, etc. con 0,20 puntos por cada falta. Isto é válido tanto para o galego como para o

español.

O plaxio ou a copia suporá a non cualificación do exercicio, traballo, práctica etc.

b) Avaliación única: condicións

A cualificación na modalidade de avaliación única repartirase do xeito seguinte:

-Presentación do(s) traballo(s) tutelado(s) que sexa(n) establecido(s) durante o curso, sobre cuestións establecidas pola docente no marco do traballado na materia: 40%

-Exposición oral: 20%

-Proba escrita de resposta longa, de desenvolvemento (exame): 40%

### **Convocatoria de xullo**

-Presentación do(s) traballo(s) tutelado(s) que fose(n) establecido(s) durante o curso, sobre cuestións establecidas pola docente no marco do traballado na materia: 40%

-Exposición oral: 20%

-Proba escrita de resposta longa, de desenvolvemento: 40%

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

Proporcionaranse outras referencias ao longo do curso. Ademais destas fontes de información -que teñen o valor de seren obras de referencia e material complementario- serán utilizados dicionarios en liña, vocabularios e outras ferramentas electrónicas específicas para a comunicación científico-técnica.

Alcaraz Varó, Enrique, José Mateo Martínez & Francisco Yus Ramos (eds.) (2007). *Las lenguas profesionales y académicas*. Barcelona: Ariel.

Ciapuscio, Guiomar (1993). □Reformulación textual: El caso de las noticias de divulgación científica". *Revista Argentina de Lingüística* 9 / 1-2, 69-117.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009). *Lingua de calidade*. Vigo: Xerais.

Gómez de Enterría Sánchez, Josefa (2009). *El español lengua de especialidad: enseñanza y aprendizaje*. Madrid: Arco/Libros.

Lerat, Pierre (1997). *Las lenguas especializadas*. Barcelona: Ariel Lingüística.

Real Academia Española (2001). *Diccionario de la lengua*. En liña:  
<http://www.rae.es/obras-academicas/diccionarios/diccionario-de-la-lengua-espanola>

Rodríguez Río, Xusto (2010). *Un idioma preciso*. Santiago de Compostela: 2.0 editora.

Vivanco Cervero, Verónica (2006). *El español de la ciencia y la tecnología*. Madrid: Arco/Libros.

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Terminoloxía e neoloxía do galego/V01G160V01803

---

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Comunicación oral e escrita: Español II/V01G160V01305

Comunicación oral e escrita: Galego II/V01G160V01405

Estrutura e análise das linguas galega e española: Introducción á sintaxe/V01G160V01301

Estrutura e análise das linguas galega e española: Semántica, pragmática e léxico/V01G160V01402